Republica segunda 3

O conxunto de medidas formaron a “Lei Azaña” que establecía aesixencia de que todos os mandos xurasen fidelidade á República, supresión da Lei de Xurisdicións de 1906, dereito de retiros, supresión da Academia Militar de Zaragoza...As reformas crearon malestar. As queixas dos militares estaban relacionadas co proceso de creación das autonomías, que interpretaban como separatismo.Para contar cunha forza armada leal, a República creou un novo corpo, a Garda de Asalto, unha policía nacional republicana que debía utilizarse para controlas as manifestacións e asegurar a orde pública nas cidades..A reforma agraria: na España de 1931 dominaban os xornaleiros agrícolas sen terras, os pequenos propietarios e arrendatarios con explotacións moi reducidas.A reforma da propiedade da terra ía atoparse coa resistencia dos propietarios e latifundistas, pero sobre o que tampouco coincidían socialistas e republicanos. Isto provocou o retraso na elaboración dunha lei de reforma agraria.As primeiras medidas foran tomadas polo ministerio de Traballo e eran:1.Decreto de termos municipais, que obrigaba aos patróns a contratar xornaleiros residentes no concello.2.Decreto de labor forzoso, que obrigaba aos propietarios a cultivar as súas terras.3.A prolongación automática dos contratos de arrendamento agrario.4.A formación de xurados mixtos para solucionar os problemas entre obreiros e patróns.5.A implantación da xornada de oito horas no campo.6.A protección aos traballadores, con seguros como o de accidente, de retiro, de maternidade..En 1932 foi aprobada a Lei de bases da reforma agraria que autorizaba a expropiación, mediante indemnización, de terras concedidas en usufruto aos campesiños asentados nelas. Foi aprobada a Lei de intensificación de cultivos, que permitía a cesión de terras non cultivadas polos sues propietarios aos xornaleiros..A reforma educativa: o goberno de Azaña desenvolveu unha intensa actividade educativa destinada a diminuír as elevadas taxas de analfabetismo e mellorar o nivel cultural da poboación. Na Constitución figuraba o ensino obrigatorio, gratuíto e laico.O ministerio de Instrución Pública deseñou un programa que incluía a creación de numerosas escolas e a mellora da formación dos mestres. Creáronse, asimesmo, novos centros de investigación e duplicáronse os centros de ensinanza..A autonomía de Cataluña: a Constitución republicana estableceu que o Estado era compatible coa autonomía dos municipios e das rexións. Aquelas zonas que decidisen organizarse como rexión autónoma, deberían elaborar un Estatuto de Autonomía que fose proposto pola maioría dos concellos, fose aprobado polos dous terzos dos electores da rexión en referendo e que fose aprobado polas Cortes.Os cataláns foron os primeiros en elaborar o seu Estatuto que foi aprobado polos representantes dos concellos en xuño de 1931 e en referendo popular en agosto. A súa discusión nas Cortes foi lenta pero foi aprobado en setembro de 1932..O Estatuto ditaminaba que o goberno catalán (Generalitat) quedaba integrado por un parlamento, o Presidente da Generalitat e un consello executivo. Dispoñía de facultades lexislativas e executivas amplas en facenda, economía, educación e cultura, transportes e comunicacións e orde pública.As eleccións para formar o primeiro Parlamento de Cataluña foron gañadas por Esquerda Republicana e Francesc Maciá (Francisco Maciá) converteuse no primeiro presidente da Generalitat ata a súa morte que foi cando foi substituído por Lluis Companys. A transferencia de competencias foi lenta: o triunfo en 1933 das dereitas agravou isto. A tensión culminou en 1934 coa proclamación da República Catalá dentro da Federación Española. Na represión do movemento catalán foi suspendido o Estatuto e decretada a prisión para o Goberno catalán. En 1936, o Goberno da Fronte Popular restaurou o Estatuto catalán.